| **Persoas interesadas** | • Cidadáns/ás e residentes<br>• Persoas solicitantes |
| **Orixe dos datos** | A propia persoa interesada ou representante legal desta |
| **Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro** | • Nome e apelidos<br>• DNI/NIE<br>• Enderezo<br>• Teléfono<br>• Información comercial<br>• Características persoais, académicas e profesionais<br>• Detalles do emprego<br>• Imaxe |
| **Organismos destinatarios das cesións** | • Órganos da Comunidade Autónoma de Galicia: Consellería competente en materia de emprego, IGAPE |
| **Nivel de seguridade do ficheiro** | Medio |
| **Sistema de tratamento** | Mixto |
| **NOME DO FICHEIRO** | **FORMACIÓN** |

| | |
|---|---|
| **Finalidade do ficheiro** | Xestión de cursos de formación, educación e cultura |
| **Persoas interesadas** | Cidadáns/ás e residentes |
| **Orixe dos datos** | A propia persoa interesada ou representante legal desta; outras persoas físicas; administracións públicas |
| **Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro** | • Nome e apelidos<br>• DNI/NIE<br>• Enderezo<br>• Teléfono<br>• Sinatura<br>• Número da Seguridade Social<br>• Características persoais, académicas e profesionais |
| **Destinatarios de cesións** | Administración Xeral do Estado: SEPE |
| **Nivel de seguridade do ficheiro** | Básico |
| **Sistema de tratamento** | Mixto |
| **NOME DO FICHEIRO** | **XESTIÓN ECONÓMICA** |
| **Finalidade do ficheiro** | Xestión contable, fiscal e administrativa |
| **Persoas interesadas** | Cidadáns/ás e residentes |
| **Orixe dos datos** | A propia persoa interesada ou representante legal desta |
| **Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro** | • Nome e apelidos<br>• DNI/NIE<br>• Enderezo<br>• Teléfono<br>• Detalles económicos, financeiros e de seguros<br>• Transaccións de bens e servizos |
| **Organismos destinatarios das cesións** | • Órganos da Administración Xeral do Estado: Facenda Pública e Axencia Tributaria<br>• Tribunal de Contas<br>• Órganos da Comunidade Autónoma de Galicia: Xunta de Galicia<br>• Deputación Provincial da Coruña<br>• Consellería competente en materia de contas<br>• Bancos, caixas de aforro e caixas rurais |
| **Nivel de seguridade do ficheiro** | Medio |
| **Sistema de tratamento** | Mixto |
| **NOME DO FICHEIRO** | **RECADACIÓN** |
| **Finalidade do ficheiro** | Cobro de tributos municipais |
| **Persoas interesadas** | Cidadáns/ás e residentes |
| **Orixe dos datos** | A propia persoa interesada ou representante legal desta |
| **Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro** | • Nome e apelidos<br>• DNI/NIE<br>• Dirección |

| | |
|---|---|
| | • Teléfono<br>• Sinatura<br>• Datos económicos |
| **Organismos destinatarios das cesións** | Órganos da Administración Xeral do Estado: Facenda Pública e Axencia Tributaria |
| **Nivel de seguridade do ficheiro** | Medio |
| **Sistema de tratamento** | Mixto |
| **NOME DO FICHEIRO** | **CONTRATACIÓN** |
| **Finalidade do ficheiro** | Xestión de contratación de obras e/ou servizos para o Concello |
| **Persoas interesadas** | • Cidadáns/ás e residentes<br>• Provedores |
| **Orixe dos datos** | A propia persoa interesada ou representante legal desta |
| **Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro** | • Nome e apelidos<br>• DNI/NIE/CIF<br>• Enderezo<br>• Teléfono<br>• Sinatura<br>• Características persoais<br>• Circunstancias sociais, académicas e profesionais<br>• Datos económicos, financeiros e de seguros<br>• Transaccións de bens e servizos |
| **Organismos destinatarios das cesións** | • Órganos da Administración Xeral do Estado: ministerio competente en materia de facenda<br>• Xunta Consultiva de Contratación do Estado<br>• Tribunal de Contas<br>• Órganos da Comunidade Autónoma de Galicia<br>• Concellería competente en materia de contas<br>• Entidades aseguradoras |
| **Nivel de seguridade do ficheiro** | Básico |
| **Sistema de tratamento** | Mixto |
| **NOME DO FICHEIRO** | **LICENZAS E AUTORIZACIÓNS** |
| **Finalidade do ficheiro** | • Xestión de licenzas de apertura, de obras, feiras ou actividades culturais<br>• Procedemento administrativo |
| **Persoas interesadas** | Cidadáns/ás e residentes |
| **Orixe dos datos** | A propia persoa interesada ou representante legal desta |
| **Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro** | • Nome e apelidos;<br>• DNI/NIE<br>• Enderezo<br>• Teléfono<br>• Número da Seguridade Social<br>• Sinatura |

Sinatura do alcalde,

Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,

Federico Suárez Cancelo.

| | |
|---|---|
| | • Circunstancias sociais, académicas e profesionais<br>• Detalles do emprego, económicos, financeiros e de seguros<br>• Transaccións de bens e servizos |
| **Organismos destinatarios das cesións** | • Órganos da Administración Xeral do Estado: ministerio competente en urbanismo<br>• Delegación do Goberno<br>• Instituto Nacional de Estatística<br>• Garda Civil<br>• Órganos da Comunidade Autónoma de Galicia: Xunta de Galicia: Consellaría competente na materia de urbanismo<br>• Deputación Provincial da Coruña<br>• Sociedad General de Autores y Editores - SGAE |
| **Nivel de seguridade do ficheiro** | Básico |
| **Sistema de tratamento** | Mixto |
| **NOME DO FICHEIRO** | **URBANISMO E CATASTRO** |
| **Finalidade do ficheiro** | Xestión de actos de plan, xestión e disciplina urbanística |
| **Persoas interesadas** | Cidadáns/ás e residentes |
| **Orixe dos datos** | A propia persoa interesada ou representante legal desta |
| **Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro** | • Nome e apelidos<br>• DNI/NIE<br>• Enderezo<br>• Teléfono<br>• Sinatura<br>• Circunstancias sociais<br>• Datos económicos, financeiros e de seguros |
| **Organismos destinatarios das cesións** | • Órganos da Administración Xeral do Estado: Ministerio de Fomento<br>• Órganos de Comunidade Autónoma de Galicia: Xunta de Galicia: Consellería competente en materia de medio e urbanismo<br>• Deputación Provincial da Coruña |
| **Nivel de seguridade do ficheiro** | Básico |
| **Sistema de tratamento** | Mixto |
| **NOME DO FICHEIRO** | **REXISTRO DE INTERESES DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN** |
| **Finalidade do ficheiro** | Xestión e control dos conflitos de intereses dos membros da corporación |
| **Persoas interesadas** | Cidadáns/ás e residentes |
| **Orixe dos datos** | A propia persoa interesada ou representante legal desta |

| | |
|---|---|
| **Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro** | • Nome e apelidos<br>• DNI/NIE<br>• Enderezo<br>• Teléfono<br>• Sinatura<br>• Características persoais<br>• Circunstancias sociais<br>• Datos académicos, profesionais, económicos |
| **Organismos destinatarios das cesións** | Non se prevén |
| **Nivel de seguridade do ficheiro** | Básico |
| **Sistema de tratamento** | Mixto |
| **NOME DO FICHEIRO** | **RESPONSABILIDADE ADMINISTRATIVA** |
| **Finalidade do ficheiro** | Resarcir as persoas particulares das lesións producidas nos seus bens e dereitos polo funcionamento do Concello |
| **Persoas interesadas** | Cidadáns/ás e residentes |
| **Orixe dos datos** | A propia persoa interesada ou representante legal desta |
| **Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro** | • Nome e apelidos<br>• DNI/NIE<br>• Enderezo<br>• Teléfono<br>• Sinatura |
| **Organismos destinatarios das cesións** | • Órganos da Comunidade Autónoma de Galicia: Xunta de Galicia<br>• Consello Consultivo de Galicia<br>• Entidades aseguradoras |
| **Nivel de seguridade do ficheiro** | Básico |
| **Sistema de tratamento** | Mixto |
| **NOME DO FICHEIRO** | **ELECCIÓNS** |
| **Finalidade do ficheiro** | Selección dos membros das mesas electorais e xestión administrativa das eleccións |
| **Persoas interesadas** | A propia persoa interesada ou representante legal desta |
| **Orixe dos datos** | Administracións públicas |
| **Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro** | • Nome e apelidos<br>• DNI/NIE<br>• Enderezo<br>• Características persoais, académicas e profesionais |
| **Organismos destinatarios das cesións** | • Órganos da Administración do Estado: Ministerio competente en materia de eleccións<br>• Instituto Nacional de Estatística<br>• Órganos xudiciais<br>• Órganos da Comunidade Autónoma de Galicia: Xunta de Galicia: Consellaría de Presidencia |

| | |
|---|---|
| **Nivel de seguridade do ficheiro** | Básico |
| **Sistema de tratamento** | Mixto |
| **NOME DO FICHEIRO** | **CULTURA. ACTIVIDADES E DEPORTES** |
| **Finalidade do ficheiro** | Educación, cultura, organización de eventos e actividades deportivas, de lecer e culturais |
| **Persoas interesadas** | Cidadáns/ás e residentes |
| **Orixe dos datos** | A propia persoa interesada ou representante legal desta |
| **Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro** | • Nome e apelidos<br>• DNI/NIE<br>• Enderezo<br>• Teléfono<br>• Sinatura<br>• Características persoais,<br>• Circunstancias sociais, académicas e profesionais<br>• Datos económicos, financeiros e de seguros |
| **Organismos destinatarios das cesións** | • Entidades privadas que colaboran na organización de actividades culturais e/ou deportivas<br>• Deputación Provincial da Coruña<br>• Órganos da Comunidade Autónoma de Galicia: Consellarías subvencionantes da Xunta de Galicia |
| **Nivel de seguridade do ficheiro** | Básico |
| **Sistema de tratamento** | Mixto |
| **NOME DO FICHEIRO** | **BIBLIOTECA** |
| **Finalidade do ficheiro** | Educación e cultura |
| **Persoas interesadas** | Cidadáns/ás e residentes |
| **Orixe dos datos** | A propia persoa interesada ou representante legal desta |
| **Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro** | • Nome e apelidos<br>• DNI/NIE<br>• Enderezo<br>• Teléfono,<br>• Características persoais |
| **Organismos destinatarios das cesións** | Non se prevén |
| **Nivel de seguridade do ficheiro** | Básico |
| **Sistema de tratamento** | Mixto |
| **NOME DO FICHEIRO** | **REXISTRO CANINO, ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS, E ARMAS DE AIRE COMPRIMIDO** |
| **Finalidade do ficheiro** | • Seguridade pública e defensa<br>• Procedemento administrativo |
| **Persoas interesadas** | Cidadáns/ás e residentes |

| | |
|---|---|
| **Orixe dos datos** | • A propia persoa interesada ou representante legal desta<br>• Administración pública |
| **Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro** | • Nome e apelidos<br>• DNI/NIE<br>• Enderezo<br>• Teléfono<br>• Sinatura<br>• Transaccións de bens e servizos<br>• Datos relativos a infraccións penais ou administrativas |
| **Organismos destinatarios das cesións** | Órganos da Comunidade Autónoma de Galicia: Consellería de Presidencia |
| **Nivel de seguridade do ficheiro** | Medio |
| **Sistema de tratamento** | Mixto |
| **NOME DO FICHEIRO** | **POLICÍA** |
| **Finalidade do ficheiro** | Seguridade pública e defensa |
| **Persoas interesadas** | Cidadáns/ás e residentes |
| **Orixe dos datos** | • A propia persoa interesada ou representante legal desta<br>• Outras persoas físicas<br>• Administracións públicas |
| **Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro** | • Nome e apelidos<br>• DNI/NIE<br>• Sinatura<br>• Circunstancias sociais e de saúde<br>• Datos económicos, financeiros e de seguros<br>• Datos relativos a infraccións penais ou administrativas |
| **Organismos destinatarios das cesións** | Para trasladar as denuncias aos órganos competentes en materia de seguridade cidadá da:<br>• Administración Xeral do Estado<br>• Administración xudicial<br>• Comunidade Autónoma de Galicia |
| **Nivel de seguridade do ficheiro** | Alto |
| **Sistema de tratamento** | Mixto |
| **NOME DO FICHEIRO** | **ESCOLA INFANTIL** |
| **Finalidade do ficheiro** | • Xestión administrativa da Escola Infantil Municipal A Ulloa<br>• Xestión das prazas |
| **Persoas interesadas** | Titoras/es e menores |
| **Orixe dos datos** | A propia persoa interesada ou representante legal desta |

Sinatura do alcalde,

Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,

Federico Suárez Cancelo..

| | |
|---|---|
| **Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro** | • Nome e apelidos<br>• DNI/NIE<br>• Data de nacemento<br>• Enderezo<br>• Teléfono<br>• Sinatura<br>• Datos académicos e profesionais<br>• Detalles económicos, financeiros e de seguro<br>• Datos da unidade familiar<br>• Datos de saúde<br>• Imaxe |
| **Organismos destinatarios das cesións** | Entidade privada encargada da xestión do espazo infantil de xogo |
| **Nivel de seguridade do ficheiro** | Alto |
| **Sistema de tratamento** | Mixto |
| **NOME DO FICHEIRO** | **PARELLAS DE FEITO E MATRIMONIOS CIVÍS** |
| **Finalidade do ficheiro** | Tramitación e rexistro das parellas de feito e matrimonios civís |
| **Persoas interesadas** | Cidadáns/ás e residentes |
| **Orixe dos datos** | A propia persoa interesada ou representante legal desta |
| **Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro** | • Nome e apelidos<br>• DNI/NIE<br>• Enderezo<br>• Data de nacemento<br>• Sinatura |
| **Organismos destinatarios das cesións** | Órganos xudiciais |
| **Nivel de seguridade do ficheiro** | Básico |
| **Sistema de tratamento** | Mixto |
| **NOME DO FICHEIRO** | **REXISTRO DE ASOCIACIÓNS** |
| **Finalidade do ficheiro** | • Xestión dos datos das diferentes asociacións que pertencen ao concello ou colaboran con el<br>• Axudar a tramitar subvencións para as ditas asociacións |
| **Persoas interesadas** | • Cidadáns/ás e residentes<br>• Solicitantes |
| **Orixe dos datos** | A propia persoa interesada ou representante legal desta |
| **Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro** | • Nome e apelidos<br>• DNI/NIE<br>• Enderezo<br>• Teléfono<br>• Sinatura<br>• Datos bancarios |

| | |
|---|---|
| **Organismos destinatarios das cesións** | Non se prevén |
| **Nivel de seguridade do ficheiro** | Básico |
| **Sistema de tratamento** | Mixto |
| **NOME DO FICHEIRO** | **SUBVENCIÓNS** |
| **Finalidade do ficheiro** | • Xestionar, tramitar e resolver as solicitudes de subvencións, axudas e prestacións de traballo e benestar social<br>• Pensións, subsidios e outras prestacións económicas<br>• Outros servizos sociais<br>• Atención á cidadanía |
| **Persoas interesadas** | • Cidadáns/ás e residentes<br>• Persoas visitantes do Concello |
| **Orixe dos datos** | A propia persoa interesada ou representante legal desta |
| **Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro** | • Nome e apelidos<br>• DNI/NIE<br>• Dirección<br>• Teléfono<br>• Sinatura<br>• Características persoais<br>• Circunstancias sociais<br>• Datos económicos |
| **Organismos destinatarios das cesións** | • Seguridade Social<br>• Bancos, caixas de aforro e caixas rurais |
| **Nivel de seguridade do ficheiro** | Básico |
| **Sistema de tratamento** | Mixto |
| **NOME DO FICHEIRO** | **CONTROL HORARIO** |
| **Finalidade do ficheiro** | Proporcionar á Administración a información necesaria para coñecer a puntualidade, a asistencia, a permanencia e o cumprimento do horario de traballo do persoal que presta os seus servizos en dependencias do Concello de Oroso, para os efectos de mellorar a xestión dos recursos humanos deste. |
| **Persoas interesadas** | Empregadas/os públicos |
| **Orixe dos datos** | Empregadas/os públicos |
| **Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro** | • DNI/NIE<br>• Nome e apelidos<br>• Enderezo<br>• Teléfono<br>• Código de persoa usuaria<br>• Ano, mes, día, hora, minuto e segundo en que se realizou a fichaxe<br>• Datos biométricos da pegada dactilar da persoa empregada |

Sinatura do alcalde,

Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,

Federico Suárez Cancelo.



| | |
|---|---|
| | • Sinatura electrónica/pegada dixital<br>• Número de rexistro de persoal<br>• Horarios asignados<br>• Solicitudes e concesións de vacacións, licenzas e permisos<br>• Xustificacións de ausencias |
| **Organismos destinatarios das cesións** | Non se prevén |
| **Nivel de seguridade do ficheiro** | Básico |
| **Sistema de tratamento** | Mixto |

**SEGUNDO.** INICIAR un período de exposición pública do expediente e publicar no taboleiro de edictos da Casa do Concello e no *Boletín oficial da provincia da Coruña*, por un prazo de 30 días hábiles, dentro dos que os interesados poderán examinar lo e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

**TERCEIRO.** ELEVAR A DEFINITIVO o acordo que inicialmente se adopta se non se presentan reclamacións ou alegacións a dita aprobación inicial."

**3.-Aprobar a adxudicación directa do contrato de arrendamento entre o Organismo Público Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) e o Concello de Oroso para a posta en marcha da "Vía Verde de Santiago – Cerceda, no T.M de Oroso". (Exp. 2017/C006/000012).**

Logo de ver a proposta de acordo asinada pola Alcaldía que di:

"Con data de 7/06/2017 o Concello de Oroso, xunto cos concellos de Santiago de Compostela, Ordes, Tordoia e Cerceda asinaron un "Protocolo xeral de actuación para a creación, xestión, explotación e mantemento da vía verde que descorre polos 5 concellos".

Tal como se reflicte no citado Protocolo as cinco corporacións locais comparecentes contan entre as súas competencias a de procurar o desenvolvemento económico dos seus concellos, en concreto, a través da información, dinamización e promoción das actividades turísticas a que se refire o artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local.

Nese marco, a recuperación de camiños de ferro en desuso que discorren polos nosos municipios e a súa transformación en "vías verdes" constitúe unha ferramenta óptima para poñer en valor as calidades ambiental, paisaxística, patrimonial e histórica destes vieiros.

Os cinco concellos asinantes do Protocolo conta con 36,9 km de férreas que tras o seu acondicionamento, serían moi doadas de transitar en bicicleta ou a pé, e constituirían un espazo público de grande atractivo polo seu interese natural e cultural.
A transformación destes treitos de antigas vías férreas convertería a "Vía verde a Compostela" na primeira corredoira verde de Galicia en lonxitude e tería unha grande transcendencia e repercusión no desenvolvemento socioeconómico dos cinco concellos, e na promoción turística da zona na medida en que enlazaría, por unha ruta alternativa, á capital de Galicia cos municipios veciños.

Sinatura do alcalde,

Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,

Federico Suárez Cancelo.

Tal como se adiantaba no citado Protocolo o Concello de Oroso como os restantes concellos asinantes, solicitoulle a ADIF a cesión do treito de antiga vía férrea cuxa traza discorre polo municipio de Oroso estando disposto a asumir a xestión, promoción e mantemento desa infraestrutura coa finalidade citada.

Remitido borrador de contrato de arrendamento entre o organismo público Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) e o Concello de Oroso para a posta en marcha da "Vía Verde Santiago – Cerceda no T.M de Oroso" e considerando que polos motivos anteriormente indicados resulta obvio que non existe ningún outro ben que teña as características e cumpra os requisitos para poder ser adquirido polo Concello de Oroso a fin de integrar ou formar parte da vía verde que se pretende establecer en coordinación cos restantes concellos polo que estaría desde este punto de vista plenamente xustificado o arrendamento directo desta infraestrutura sen que resulte posible acudir neste caso a unha licitación pública.

Considerando así mesmo que o interese público deste contrato de arrendamento está plenamente xustificado no feito de que se trataría da creación e posta en valor dun recurso turístico de gran importancia para o Concello de Oroso que faría aflorar recursos endóxenos na provincia e promocionar proxectos xeradores de emprego, tanto directo como indirecto, poñendo en valor e uso unha infraestrutura de carácter ferroviario xa existente, que xa non responde á funcionalidade para que orixinalmente foi concibida.

Logo de ver o informe favorable emitido con data de 03/07/2017 polo Secretario do Concello, no que sen embargo sinala a necesidade de completar cun informe de valoración realizado polo técnico municipal e polo interventor da Corporación.

Logo de ver o informe emitido polo Arquitecto Municipal con data de 10/11/2017 no que entre outras cousas sinala que o importe de arrendamento proposto por Adif de 1.800 euros/anuais estaría dentro do prezo de mercado.

Logo de ver igualmente o informe de fiscalización favorable polo Interventor da Corporación de data 21/11/2017.

Tendo en conta que conforme establece o informe de Secretaría, conforme ao previsto na Disposición Adicional Segunda do TRLCSP así como ao previsto nos artigos 21 e 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local propoño que o Pleno da Corporación previo ditame da Comisión Informativa adopte o seguinte **ACORDO**:

**Primeiro**: Aprobar a adxudicación e formalización do contrato de arrendamento entre o Organismo Público Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (Adif) e o Concello de Oroso para a posta en marcha da "Vía Verde Santiago – Cerceda" no T.M de Oroso ( A Coruña).

**Segundo**: Autorizar ao Sr. Alcalde da Corporación para proceder á formalización do mesmo así como a realizar todos os trámites que resulten necesarios para a execución e formalización do presente acordo.

**Terceiro**: Remitir o presente acordo ao Organismo Público Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (Adif).

E esta é a miña proposta sen prexuízo de que o Pleno da Corporación acordará o que considere oportuno."

Ábrese unha quenda de intervencións.
Toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que se trata dun proxecto que o seu grupo apoiou dende o primeiro momento e considera que é un prezo razoable de arrendamento 1.800 euros, aínda que habería que ver quen lle ten que pagar a quen, xa que Adif ten completamente deixadas esas infraestruturas.

Non se producen mais intervencións.

O Sr. Alcalde – Presidente da por rematado o debate sometendo a cuestión a votación e o Pleno por:

Votos a favor: trece: (7 do PSdeG-PSOE, 4 do PP; 1 de SON – ANOVA e 1 do BNG).
Votos en contra: ningún ( 0 votos ).
Abstencións: ningunha ( 0 votos ) adopta o seguinte acordo:

**Primeiro**: Aprobar a adxudicación e formalización do contrato de arrendamento entre o Organismo Público Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (Adif) e o Concello de Oroso para a posta en marcha da "Vía Verde Santiago – Cerceda" no T.M de Oroso ( A Coruña).

**Segundo**: Autorizar ao Sr. Alcalde da Corporación para proceder á formalización do mesmo así como a realizar todos os trámites que resulten necesarios para a execución e formalización do presente acordo.

**Terceiro**: Remitir o presente acordo ao Organismo Público Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (Adif).

## 4.-Aprobar a modificación dos estatutos da Asociación de Concellos do Camiño Inglés.

Logo de ver a proposta asinada pola Alcaldía que di:

"LOGO DE VER a iniciativa de diversos Concellos para a creación dunha Asociación de Concellos para promover o desenvolvemento turístico dos Concellos do Camiño Inglés, achegando a cooperación destas institucións locais e tentando procurar o apoio da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma e da Administración do Estado; o Pleno da Corporación de Oroso en sesión ordinaria do 25/05/2017 procedeu a aprobar a adhesión á citada Asociación de Concellos do Camiño Inglés para a promoción do desenvolvemento turístico do camiño inglés de Santiago, aprobando igualmente a proposta de estatutos e designando ao Sr. Alcalde como representante do Concello na antedita Asociación.

Con data de 11/10/2017 tivo entrada no Concello de Oroso co nº de rexistro: 2017000000004000 documentación remitida desde o Concello de Carral referente ao requirimento realizado con data de 27/09/2017 pola Xefatura Territorial da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para que se proceda á modificación dunha serie de artigos dos Estatutos da Asociación de Concellos do Camiño Inglés, propoñendo o Concello de Carral o texto de tales modificacións.

Considerando que para continuar coa efectiva adhesión do Concello de Oroso á citada Asociación é necesario acordar polo Pleno da Corporación as modificacións propostas, tendo en conta o disposto nos artigos 22.2.b) e 47.2.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, proponse ao pleno da Corporación, a adopción do seguinte **acordo**:

**Primeiro**: Aprobar a modificación da proposta de estatutos para a constitución e funcionamento da Asociación de Concellos do Camiño Inglés nos seguintes termos:

Engadir o artigo 19.3 co seguinte contido:

"As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 concellos, que exercerán as funcións de presidente, secretario e tesoureiro."

Engadir o artigo 22.1.c) co seguinte contido:

"Levantar actas dos acordos chegados na asemblea xeral e a xunta directiva a expedir certificacións destas co visto e prace do presidente."

**Segundo**: Remitir o presente acordo ao Concello de Carral aos efectos de poder continuar coa realización dos trámites necesarios para a inscrición da Asociación de Concellos do Camiño Inglés diante da Xunta de Galicia.

E esta é a miña proposta sen prexuízo de que o Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa, acorde o que considere oportuno."

Ábrese unha quenda de intervencións.
Non se producen intervencións.
Sométese a proposta de acordo a votación e o Pleno por:

Votos a favor: trece (7 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 1 de SON – ANOVA e 1 do BNG).
Votos en contra: ningún ( 0 votos ).
Abstencións: ningunha ( 0 votos ) adopta o seguinte acordo:

**Primeiro**: Aprobar a modificación da proposta de estatutos para a constitución e funcionamento da Asociación de Concellos do Camiño Inglés nos seguintes termos:

Engadir o artigo 19.3 co seguinte contido:

"As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 concellos, que exercerán as funcións de presidente, secretario e tesoureiro."

Engadir o artigo 22.1.c) co seguinte contido:

"Levantar actas dos acordos chegados na asemblea xeral e a xunta directiva a expedir certificacións destas co visto e prace do presidente."

Sinatura do alcalde, Sinatura do secretario,

Manuel Mirás Franqueira Federico Suárez Cancelo.

**Segundo**: Remitir o presente acordo ao Concello de Carral aos efectos de poder continuar coa realización dos trámites necesarios para a inscrición da Asociación de Concellos do Camiño Inglés diante da Xunta de Galicia.

**II PARTE DE CONTROL**

### 5.- Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía ditadas que van desde a nº 901/2017 do 22/09/2017 ata a 1214/2017 do 24/11/2017.

Dase conta ao Pleno da Corporación dos decretos de Alcaldía ditados desde o nº 901/2017 do 22/09/2017 ata o nº 1214/2017 do 24/11/2017 que estiveron a disposición dos concelleiros desde a convocatoria da sesión ordinaria do pleno para a súa consulta.

### 6.- Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 22/09/2017 ata o 25/11/2017.

Dase conta dos reparos de intervención emitidos desde o 22/09/2017 ata o 25/11/2017 que estiveron a disposición dos concelleiros desde a convocatoria da sesión ordinaria do Pleno:

| Nº | Data | Asunto |
|---|---|---|
| 1 | 05/10/2017 | Aprobación da factura nº5626201768000447 de probisa productos bituminosos |
| 2 | 06/10/2017 | Contratación de 4 peóns para a limpeza de vías públicas e 1 ordenanza baixo a modalidade de contrato laboral por interese social. |
| 3 | 20/10/2017 | Aprobación da factura nº Emit 37 de subministros técnicos deportivos SLU |
| 4 | 20/10/2017 | Aprobación da factura nº A17-1598 de Hormigones Carral. |

### 7.-Dación de conta do informe emitido pola Intervención e Tesourería do Concello respecto ao estado de tramitación de facturas recibidas no terceiro trimestre de 2017.

Dase conta do informe emitido pola Intervención e Tesourería do Concello respecto ao estado de tramitación de facturas recibidas no terceiro trimestre de 2017.

### 8.- Mocións dos Grupos municipais.

**8.1.-Moción presentada polo PSdeG-PSOE contra o abandono do medio rural galego (RE nº 4606/2017 do 29/11).**

Toma a palabra D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen afirma que a urxencia desta moción ven determinada polo momento que está a vivir o rural galego en moitos aspectos como especialmente o alarmante descenso de habitantes no medio rural. Pérdese poboación a marchas forzadas. Temos cada vez persoas de idade mais avanzada que están soas e cada vez o monte está mais deixado, é moi difícil fixar poboación e as consecuncias son os lumes ou o peche de escolas rurais.

Non existindo mais intervencións sométese a urxencia da moción a votación e o Pleno

Sinatura do alcalde,

Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,

Federico Suárez Cancelo.

por:

Votos a favor: trece ( 7 do PSdeG-PSOE; 4 do P.P; 1 de SON – ANOVA e 1 do BNG).
Votos en contra: ningún ( 0 votos ).
Abstencións; ningunha ( 0 votos ) aproba a urxencia da moción presentada.

Seguidamente D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) da lectura á moción:

*"A recente vaga de lumes que ven de afectar ao rural galego hai escasos días, puxo de manifesto a vulnerabiridade do territorio, rural e urbano, ante un simple evento climático extremo, e lembrou ao conxunto da sociedade galega, que non pode existir unha Galicia de dúas velocidades, pois mal lle vai ir a unha se lle vai mal á outra.*
*O lume que chegou as portas da maior cidade de Galicia e o exemplo da traxeidda do veciño Portugal con máis de cen persoas falecidas este verán polo lume incontrolado, puxeron diante dos ollos dos galegos a profunda crise que vive o rural galego, e o escenario futuro de catástrofe cara o que nos encamiñamos como sociedade, se persiste o abandono do noso rural, e a necesidade de abrir os ollos e afrontar a realidade con medidas intelixentes, antes de que sexa demasiado tarde.*
*Levamos décadas de desatención, envellecemento demográfico, falta de relevo xeneracional nas explotacións, abandono da actividade agraria e gandeira, eliminación de toda clase de servizos públicos: peches de escolas e centros de saúde, reitrada de liñas de autobuses, procesos todos que están a dar como resultado o abandono da poboación rural, o cese da actividade produtiva no territorio, e a transformación da nosa paisaxe e terrritorio cara unha realidade estrutural chega de perigos.*
*Sen actividade produtiva non hai xestión do territorio nin control da biomasa, nin mantemento dos cortalumes naturais que supoñen os prados, pastos, cultivos e terras de labor. Porque o que non xestionemos nos coa actividade, vaino xestionar o lume.*
*Pero non pode haber actividade productiva si esta non é rendible, nin pode haber actividade productiva se non hai xente que aposte por vivir no rural e facer del a súa forma de vida. E para que iso suceda, a xente ten que ter servizos e calidade de vida a altura dos tempos en que vivimos, así como percibir un recoñecemento por parte da sociedade pola labor desenvolta no rural, e unha aposta clara das Administracións Públicas por manter un rural vivo, activo e con futuro.*

*Por todo o anterior, en condición de Voceiro Municipal do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Oroso e dado a importancia que o rural represnta neste Concello, como dinamizador fundamental e base da nosa enconomía produtiva propón ó Pleno municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:*

*Primeiro: Solicitar á presidencia da Xunta de Galicia a apertura dunha mesa de traballo na que estean representadas todos os actores institucionais, sociais e económicos que poidan facer acehgas para desenvolver medidas políticas urxentes para combater o abandono no medio rural galego.*

*Segundo: Esixir ao Goberno da Xunta de Galicia a dotación orzamentaria suficiente e sostida no tempo que permita afrontar de xieto claro e o marxe das convocatorias electorais, un plan de investimentos en infraestruturas, servizos e innovación que cambie a tendencia actual.*

*Terceiro: Aplicación inmediata dun paquete de medidas urxentes de contención económica que asegure a supervivencia das explotacións que se viron afectadas polas inclemencias climáticas (xeadas e seca) e os lumes catastróficos.*

*Cuarto: Pedir que non se retrase nin un día mais a solución aos graves problemas estruturais que ameazan o futuro de agricultores e gandeiros, como a mobilidade de terras que permita o acceso ás terras aos mozos que se incorporarán nos próximos anos.*

*Quinto: Propoñer unha nova política forestal, que permita harmonizar os usos produtivos do monte coa protección medioambiental e a prevención dos lumes. Buscando fórmulas efectivas que faciliten a agrupación forestal de terreos particulares, e buscando fórmulas que permitan poñer en produción agraria ou forestal as mais de 300.000 ha de montes veciñais en estado de grave abandono. Dando valor engadido á madeira dos nosos montes e xerando emprego industrial no rural.*

*Sexto: Reformar o Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia, de forma que estes Fondos da UE se dediquen realmente ao apoio a agricultores e gandeiros, reforzando as rendas, a través de coidado medioambiental do territorio que suponenas terras agrarias.*

*Sétimo: Abrir novas oportunidades económicas a través das enerxías renovables, na procura dun modelo multifuncional do noso rural, onde caiban novas iniciativas de creación de riqueza e emprego.*

*Oitavo: Garantir unha axeitada electrificación e unha axeitada chegada das banda ampla de internet a todo o territorio rural galego, en condicións de igualdade coa calidade de acceso no medio urbano, para poder facilitar a chegada da Socidade da información e aposta en marcha de novos modelos de servizos e negocios asociados a ela.*

*Noveno: Apostar polos servizos no rural galego, mantendo os puntos de atención sanitaria e asistencial. Buscar solucións para evitar o peche de escolas, como desprazar rapaces das vilas aos lugaraqs para completar o alumnado antes de pechar unha escola, garantindo o nivel de calidasde na formación no ensino primario e secundario. Fomentando as axudas para natalidade e conciliación no medio rural.*

*Décimo: Poñer fin á sucesión de accións punitivas inxustificables contra as rendas dos produtores do rural por parte das administracións estatal e autonómica (catastrazo, inspeccións abusivas de traballo, descontrol en reclamacións fiscais, etc..).*

*Décimo primeiro: Dar potestade aos concellos para proceder á limpeza dos solares en estado de abandono, inclusive aqueles onde hais constgrucción e acompañar dita facultade da correspondente partida económica e a autorización para a contratación de persoal administrativo para a tramitación dos correspondentes expedientes.*

*É tempo pois de accdión, da toma de medidas inmediatas que creen un punto de inflexión a partir do cal empezar a gañar o futuro do rural. Porque non é certo que no rural non haxa nada que facer, senón ao contrario, no noso rural está todo por facerse para gañar o futuro."*

Toma a palabra D. José Manuel Pérez Penas (BNG) quen afirma que vai a votar a favor da moción. Indica que neste país se comezou a dicir á xente que o campo non era rendible e se reubicou á xente no sector servizos das periferias das cidades, de tal xeito que cando chegou a crise esta se tivera soportado mellor no caso de familiar que seguisen vivindo do campo. Cando gobernaba o bipartito houbo algunha idea como foi

o banco de terras, que pretendía que as terras non estiveran impoductivas e deste xeito aínda que seguiría habendo lumes serían menos. Considera que na política un ten que ser prudente e non dicir cousas no ano 2008 que se repetiron agora de novo pero con diferentes actores. É necesario que todos os sectores implicados se senten nunha mesa e aporten solucións. É necesario tamén que os brigadistas se fagan fixos, e non podemos esquencer que é evidente tamén que estamos a sofrir as consecuencias do cambio climático.

Intervén D. Manuel Siverio Mirás Liñares (SON – ANOVA) quen afirma que en Galicia nas aldeas seguimos coma sempre discriminadas. Agora resulta que as contribucións se puxeron igual nas aldeas que na cidade. Afirma que vai a apoiar a moción pero que sen embargo cree que non servirá de nada, xa que a Xunta acaba de impoñer contribucións por galpóns e payotes.

Toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que o cambio climático e a despoboación do rural son indubidables e en xeral o seu grupo está a favor coa moción presentada, pero chámalle a atención que na mesma se fale dun simple evento climático xa que non foi un simple evento climático soportando temperaturas extremas, ventos furacanados, inexistencia de auga etc...Foi unha situación excepcional.
Afirma que lle sorprende que se manteña esta moción cando xa se creou no Parlamento de Galicia unha mesa de traballo que son os que teñen a competencia nesta materia, mesa na que declinaron formar parte tanto Podemos como o BNG. Considera, igualmente que moitos dos puntos da moción xa se atopan cumpridos, entre outros o punto primeiro, xa se creou no Parlamento de Galicia unha mesa de traballo, o punto segundo, está claro que nunha será suficiente, por moito que se dote, o orzamento e en todo caso a Xunta este ano incrementou a partida nun 4%. O punto terceiro, considera que está a verse un certo cambio de mentalidade, a xente nova está a voltar ao campo e nese sentido a Xunta de Galicia ten creado liñas de axuda. En relación ao punto cuarto, está claro que os fenómenos meterolóxicos non se poden predecir. En canto ao punto quinto o banco de terras segue a funcionar e seguen a facerse concentracións parcelarias como no caso de Oroso. Estanse creando sociedades de xestión forestal, existe igualmente un plan de desenvolvemento rural dotado de 200.000.000 de euros ata o 2020, existen axudas de Agader para os concellos de menos de 10.000 habitantes. O punto oitavo, se está a impulsar o plan de dinamización do rural. En canto ao tema das axudas á natalidade a Xunta ten creado o cheque bebé etc...
É dicir, as cuestións recollidas nesta moción, son cuestións que xa se están levando a cabo pola Xunta de Galicia.

D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) diríxese a D. Alexande Doval Expósito, para indicarlle que non sabe entón en qué está de acordo exactamente da moción presentada. Considera que a maioría das axudas da Xunta de Galicia son brindis ao sol. Por exemplo, sae na prensa que a Xunta de Galicia destinará 1.000.000 de euros para a xudar a paliar a seca. Sen embargo, si algúen quere acceder a tales axudas, ten que ter perfectamente regularizado o seu pozo, vai a Augas de Galicia e lle tarda en dar o permiso mais tempo do que ten para pedir a axuda. A Xunta concede axudas para paliar a seca efectivamente, pero estas ao final non axudas o pequeno agricultor e so poden acceder a elas os grandes productores que teñen mais recursos para poder acceder ás mesmas. D. Alexande Doval Expósito, non fixo referencia ao punto décimo primeiro da moción cando fala de darlle potestade aos concellos para limpar as fincas abandonadas e que se lles dea partida orzamentaria para contratar a persoal que é o dque necesitamos para tramitar os expedientes. Esta moción non so vai polos lumes, se non que vai mais alá, vai pola situación de abandono dos montes.
Ao final somos os concellos os que temos que dicir ao veciño, ou limpas ou multamos,

pero non temos medios suficientes para atender todos os casos. Igualmente o punto décimo, no que se multou incluso a veciños que foron axudar a recoller patacas. Considera que desde o Concello se está, na medida das nosas posibilidades, a realizar unha boa política de sensibilización, mantendo a aposta polas escolas unitarias rurais. Por outro lado, se se coñecía o evento climático e se podía ter unha maior previsión desde a Xunta de Galicia.

D. José Manuel Pérez Penas (BNG) afirma que el ten claro que o cambio climático é unha realidade tendo en conta que en decembro so choveu dous días. Afirma que o voceiro do PP afirmou que non se poden predecir os fenómenos atmosféricos, o que é certo, pero ao mellor os danos serían menores se mirásemos que tipo de especies se plantan. Si se fixera como no País Vasco onde se pon en valor o monte, quizais todo iría mellor. Alégrase que o PP agora estea de acordo no tema do banco de terras, cando no seu día cando foi creado afirmaban que os comunistas querían expropiar as terras, e a concentración parcelaria saiu a diante non precisamente grazas ao PP. En canto a que Podemos e o BNG deciron non formar parte da mesa de traballo no Parlamento de Galicia, considera que niso consiste a democracia, poden decidir acodir ou non, pero iso non quita que non estean preocupados, simplemente que non están de acordo co plantexamento da cuestión.

D. Manuel Siverio Mirás Liñares (SON – ANOVA) afirma que isto é como predicar no deserto, por exemplo arrasaron o monte en Cabanas, cortaron carballeiras e todo o permitiron, todo dependen de quen pida o permiso. Houbo xente que pediu cortar carballos e lle dixeron que non e despois a outros lle dixeron que si.

D. Alexander Doval Expósito (PP) sinala que D. Antonio Leira Piñeiro afirma que as axudas da Xunta son un brindis ao sol, e que Augas de Galicia tarda moito en conceder os permisos, pero igualmente sabe que na Administración existen unha serie de trámites que se teñen que cumprir e que levan o seu tempo. En canto ao tema das sancións por veciños que recollían patacas, efectivamente é un tema que saiu na prensa pero se o Sr. Concelleiro coñece algún expediente aberto por este tema lle invita a que o traia ao Pleno. En canto ao tema das escolas unitarias, está claro que no caso de Oroso imos loitar por elas pero existen outros concellos onde non se poden manter porque é inviable co número de nenos que teñen. É certo que se poderían tomar medidas mais duras contra a xente que planta lume no monte e considera que en xeral a xente cada vez está mais concienciada con este tema. Polo que respecta á concentración parcelaria leva mais de trinta anos e en canto ao tema da mesa do Parlamento de Galicia, non di que ao BNG non lle interese o tema, simplemente que o primeiro será sentarse nunha mesa a negociar e falar sobre elo. Tamén existen cousas que se poden facer desde o Concello como por exemplo incentivos á natalidade, bonificacións ás explotacións agrícolas, maior inversión no rural etc...Reitera que desde o seu punto de vista a moción recolle as cuestións que xa se están levando a cabo e que en todo caso será a Mesa do Parlamento a que teña que adoptar os acordos necesarios nesta materia tendo en conta que é a Xunta a competente.

O Sr. Alcalde, afirma que lle gustaría saber, como o Sr. Alexander Doval Expósito, pretende que se incrementen as inversións do Concello no rural e sen embargo despois defende que se baixen os impostos e polo tanto os ingresos. Considera o Sr. Alcalde que cando saes do Concello de Oroso e pasas a outro concello limítrofe se nota a diferenza xa que neste Concello se invirte nas parroquias non como noutros concellos onde por exemplo os plans da Deputación teñen que ser destinados a gasto corrente, mentres que neste Concello se destinan a inversión. Ten que volver a lembrar que este Concello se atopa por baixo da media galega en carga fiscal e que non o dí el se non

Sinatura do alcalde,

Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,

Federico Suárez Cancelo.



que é un dato que afirma todos os anos o Interventor da Corporación nos seus informes, e o dobre de baixa que o resto do Estado. Continúa sinalando que o Sr. Doval afirmou que se mantiña o banco de terras por parte da Xunta de Galicia, pero o certo é que o teñen sen persoal. Por exemplo o Concello ten solicitado predios para executar infraestruturas e a semana pasada aínda estivo falando con eles e lle manifestaron que levaban anos de retraso porque non tiñan persoal para atender o banco de terras. As inclencias do tempo foron igual que no ano 2008 coa diferencia de que agora no foi Feijoo en zapatos castellanos a facerse a foto coa mangueira. A Xunta de Galicia, sempre di que para solucionar a situación do rural se teñen que implicar os Concellos e as Deputacións pero non pode ser así. Se a Deputación dedica orzamento para o abastecemento de auga e paliar a seca despois non lle queda diñeiro para conceder aos Concellos para que poidan dedicar a inversións moi necesarias. A Xunta de Galicia concedeu axudas a outros concellos para levar auga a parroquias onde non vivia ninguén e sen embargo a este Concello non se lle deu nin un duro para destinar a abastecemento de auga. Considera que a política forestal da Xunta é un auténtico fracaso e se pode ver en que cada quen planta onde quere e o que quere. En canto ás axudas de Agader parte do Concello está fora, a zona de Sigüeiro e Portoavieira están fora, polo que D. Alexander Doval Expósito pode preguntarlle á Xunta de Galicia porque estas zonas non entran dentro das axudas de Agader. Por último sinala que a Xunta de Galicia utiliza á TVG ao seu serivo e non saca por exemplo ningunha noticia do Concello de Oroso.

Finalmente o Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a moción a votación e o Pleno da Corporación por:

Votos a favor: nove (7 do PSdeG- PSOE; 1 de SON – ANOVA e 1 do BNG).
Votos en contra: catro ( 4 do PP)
Abstencións: ningunha ( 0 votos ) aproba o seguinte acordo:

**Primeiro**: Solicitar á presidencia da Xunta de Galicia a apertura dunha mesa de traballo na que estean representadas todos os actores institucionais, sociais e económicos que poidan facer acehgas para desenvolver medidas políticas urxentes para combater o abandono no medio rural galego.

**Segundo**: Esixir ao Goberno da Xunta de Galicia a dotación orzamentaria suficiente e sositida no tempo que permita afrontar de xieto claro e o marxe das convocatorias electorais, un plan de investimentos en infraestruturas, servizos e innovación que cambie a tendencia actual.

**Terceiro**: Aplicación inmediata dun paquete de medidas urxentes de contención económica que asegure a supervivencia das explotacións que se viron afectadas polas inclmencias climáticas ( xeadas e seca) e os lumes catastróficos.

**Cuarto**: Pedir que non se retrase nin un día mais a solución aos graves problemas estruturais que ameazan o futuro de agricultores e gandeiros, como a mobilidade de terras que permita o acceso ás terras aos mozos que se incorporarán nos próximos anos.

**Quinto**: Propoñer unha nova política forestal, que permita harmonizar os usos produtivos do monte coa protección medioambiental e a prevención dos lumes. Buscando fórmulas efectivas que faciliten a agrupación forestal de terreos particulares, e buscando fórmulas que permitan poñer en produción agraria ou forestal as mais de 300.000 ha de montes veciñais en estado de grave abandono. Dando valor engadido á madeira dos nosos montes e xerando emprego industrial no rural.

**Sexto**: Reformar o Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia, de forma que estes Fondos da UE se dediquen realmente ao apoio a agricultores e gandeiros, reforzando as rendas, a través de coidado medioambiental do territorio que suponenas terras agrarias.

**Sétimo**: Abrir novas oportunidades económicas a través das enerxías renovables, na procura dun modelo multifuncional do noso rural, onde caiban novas iniciativas de creación de riqueza e emprego.

**Oitavo**: Garantir unha axeitada electrificación e unha axeitada chegada das banda ampla de internet a todo o territorio rural galego, en condicións de igualdade coa calidade de acceso no medio urbano, para poder facilitar a chegada da Socidade da información e aposta en marcha de novos modelos de servizos e negocios asociados a ela.

**Noveno**: Apostar polos servizos no rural galego, mantendo os puntos de atención sanitaria e asistencial. Buscar solucións para evitar o peche de escolas, como desprazar rapaces das vilas aos lugaraqs para completar o alumnado antes de pechar unha escola, garantindo o nivel de calidasde na formación no ensino primario e secundario. Fomentando as axudas para natalidade e conciliación no medio rural.

**Décimo**: Poñer fin á sucesión de accións punitivas inxustificables contra as rendas dos produtores do rural por parte das administracións estatal e autonómica (catastrazo, inspeccións abusivas de traballo, descontrol en reclamacións fiscais, etc..).

**Décimo primeiro**: Dar potestade aos concellos para proceder á limpeza dos solares en estado de abandono, inclusive aqueles onde hais constgrucción e acompañar dita facultade da correspondente partida económica e a autorización para a contratación de persoal administrativo para a tramitación dos correspondentes expedientes.

É tempo pois de accdión, da toma de medidas inmediatas que creen un punto de inflexión a partir do cal empezar a gañar o futuro do rural. Porque non é certo que no rural non haxa nada que facer, senón ao contrario, no noso rural está todo por facerse para gañar o futuro.

**8.2.-Moción do grupo municipal do Partido Popular de Oroso relativa ao día internacional contra a violencia de xénero (RE nº 4635/2017 do 30/11).**

Toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) para manifestar que están plenamento de acordo co texto lido pola concelleira o día de condea da violencia de xénero e que a maiores traen ao pleno esta moción para manifestar a repulsa e apoio ás victimas.

Non existindo mais intervencións sométese a urxencia da moción a votación e o Pleno por:

Votos a favor: trece (7 do PSdeG-PSOE, 4 do PP, 1 de SON – ANOVA e 1 do BNG).
Votos en contra: ningún ( 0 votos ).
Abstencións: ningunha ( 0 votos ), aproba o urxencia da moción.

Seguidamente D. Alexander Doval Expósito ( PP ) da lectura á moción:

*"Como sociedade temos que dar un salto cualitativo na loita contra a violencia de*

*xénero. Pero para isto requírense varios factores de importancia. E o primeiro é o crecemento na conciencia social de que isto é un problema de todos e todas, non só das víctimas, e só cando nos empecemos a crer esta máxima podermos pedirlles que denuncien, porque estamos con elas e a o seu lado.*
*Os veciños e veciñas son de vital importancia, porque moitas veces son a nosa fonte mais próxima de axuda. Ademais, nos malos tratos son unha testemuña crave, xa que esas veciñas e veciños danse conta do que lle pasa á súa veciña, dos berros que se oen nesa casa e do sufrimento que padecen moitas mulleres.*
*As vítimas sofren en silencio. Pero os malos tratos non son silenciosos. Os malos tratos vense e escóitanse. E en cada comunidade quen maltrata non pode esconder o que lle fai á súa parella, porque o veciño do lado, ou o do seu bloque, poden presnciar xestos e escenas entrada a parella polo portal da escaleira, ou saíndo, ou, simplmente, cando se pofiere3n os berros nunha discusión. E isto calanno moitas veces os veciños, porque chegan a pesnar que se trata dun problema desa parella no que consideran que non deben entrar, o cal é un craso erro. Porque, polo menos, deberían apostar por tentar nalgún momento ofrecer a súa axuda a esa veciña que sofre en silencio. ou, como en moitas ocasións se fai, chamar á policía cando se é consciente dunha agresión.*
*Asimesmo, en moitos casos, eses veciños e as veciñas son os que estan mais preto dunha muller que é maltratada.*
*Por todo o anterior o Grupo Municipal Popular do Concello de Oroso solicita ao pleno a adopción das seguintes ACORDOS:*

*Primeiro: Instar á Xunta de Galicia a levar a cabo unha campaña informativa sobre a prevención da violencia de xénero no ámbito veciñal, contando coa colaboración e coordinación das Federacións e Asociacións de veciños/as de Galicia.*

*Segundo: Instar ao Concello de Oroso a poñer en marcha iniciativas de prevención da violencia de xénero no ámbito veciñal co obxectivo de tratar de xerar a maior sensibilidade con este problema en todos os ámbitos onde a veciñanza poida supoñer unha axuda para as vítimas, é dicir, a través das asoaciacións veciñais de todo tipo, como das propias comunidades de veciños."*

Continúa sinalando D. Alexander Doval Expósito (PP) que mais que outra cousa se tratra é de manifestar ante todos a respulsa contra este tipo de actos e reitera que considera que o manifesto que foi lido pola concelleira lle parace perfecto e que simplemente queren reforzar iste coa presente moción.

D. José Manuel Pérez Penas (BNG) afirma que vai a votar a favor pero quere comentar algunha cousa da redacción da moción, como cando di que so cando nos empecemos a crer que é unha lacra, afirma que el persoalmente xa o cree, e iguamente cando di que as vítimas sofren en silencio, considera que sería mais axeitado afirmar simplemente qu e sofren.

D. Manuel Siverio Mirás Liñares (SON – ANOVA) afirma que deberíamos empezar por arranxar o feito de que nesta sociedade non se lle paga o mesmo ás mulleres que aos homes. Por exemplo hai xente que traballa coidando a inválidos e desde a Xunta de Galicia non se lle paga nada. As mocións están moi ben, son moi bonitas pero despois non valen para nada, chegan á Xunta e depois non fan nada.

D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) afirma que quere entrar nos acordos que propón a moción. En relación a instar á Xunta a que leve a cabo unha campaña de concienciación, afirma que lle preocuparía se a Xunta non o estivera xa facendo e en canto a instar ao Concello de Oroso a que poña en marcha accións, consiera non sabe

se o grupo municipal do PP non se enteira de nada, xa que o Concello de Oroso di alto e claro, non á violencia machista, e ten levado a cabo neste sentido moitas actuacións tal como as que demanda o punto segundo da moción presentada. O Concello de Oroso leva anos facendo actuacións neste campo. Afirma que da moción comparte a exposición de motivos pero certamente os acordos lle deixan descolocado. Na mesma non se fai referencia ao pacto de Estado contra a violencia machista que non se está a aplicar por falta de fondos. Todos os anos este grupo traía unha moción sobre a condena da violencia de xénero, pero como di D. Manuel Siverio Mirás Liñares, cremos que é tempo de deixarse de tanta declaración e facer cousas. Afirma que se nega a pensar que a Xunta de Galicia está ao facer tan mal que non estea a facer unha campaña de concienciación nesta materia e polo que respecta ao Concello de Oroso xa se están a levar moitas actuacións.

D. Alexander Doval Expósito (PP) sinala que o primeiro que fixo foi dicir que o día 24 o Concello de Oroso fixo un acto en contra da violencia de xénero pero D. Antonio Leira Piñeiro sabe da importancia de adoptar un acordo polo Pleno do Concello. O ano pasado se trouxo por parte do PSdeG-PSOE e do BNG unha moción en termos semellantes e o PP non tivo problema en retirar a súa moción, afirma que o seu grupo a trouxo coa mellor das intencións e que se trata dunha cuestión que debería estar fora do debate político.

O Sr. Alcalde quere darlle ao Sr. Doval os parabéns e a benvida a que as mocións se debatan no salón de Plenos e non pegando as súas mentiras nos carballos, que xa se lle avisou varias veces de que non pegase carteis nas árbores. Fíxose desde o Concello o día 24 un acto moi potente en relación a este tema e quere aproveitar para darlle as grazas á concelleira, pero o Concello de Oroso está a facer constantemente campañas e actuacións nesta materia. Como dixo D. Antonio Leira Piñeiro, o que se ten que facer é poñer fondos por parte do Estado, xa que a Guardia Civil e a Policía non dan feito, e cada vez hai menos recursos. Considera que se deberían crear unhas brigadas especiais para este tipo de casos. O Concello de Oroso, dentro das súas competencias e capacidades está a facer campañas de concienciación, e quere sinalar que a Xunta de Galicia non deu nin un euro para esta materia e en cambio a Deputación Provincial si que colabora con algunha subvención. E aínda así se pide desde o PP que se baixen os impostos e que se fagan mais campañas, e logo os números non dan. Debería estar catigado dicir ese tipo de cousas.

Finalmente o Sr. Alcalde da por rematado o debate, somentendo a moción a votación e o Pleno por:

Votos a favor: seis ( 4 do PP, 1 de SON – ANOVA e 1 do BNG).
Votos en contra: sete (7 do PSdeG-PSOE).
Abstencións: ningunha ( 0 votos ) non aproba a moción presentada.

**8.3.-Moción presentada polo grupo muinicipal do Partido Popular de Oroso referente ao transporte compartido. (RE nº 4636/2017 do 30/11).**

Toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que se trata dunha moción que ten como intención que a Xunta de Galicia inclúa nas rutas de autobús dos escolares na ruta de transporte comportido.

Non existindo mais intervencións, sométese a urxencia da moción a votación e o Pleno por:

Votos a favor: trece ( 7 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 1 de SON – ANOVA e 1 do BNG)
Votos en contra: ningún ( 0 votos ).
Abstencións: ningunha ( 0 votos ) aproba a urxencia da moción.

Seguidamente D. Alexander Doval Expósito ( PP) da lectura ao contido da moción:

*"Oroso conta con 41 entidades de poboación disemindas nos 72.10 km2 que compñen o noso municipio, un total de 7.420 veciños e veciñas. Se ben é certo que moitos deles viven no núcleo urbano de Sigüeiro, outra importante parte reisden nas 11 parroquias resiantes: Transmonte, Deixebre, Oroso, A Gándara, Cardama, Vilaromariz, Senra, Os Ánxeles, Clavente, Pasarelos e Marzoa.*
*En moitos casos, estes últimos son de idade avanzada, e non teñen medio de transporte propio para achegarse a Sigüeiro para realizar as xestións do día a día, farmacia, médico, banco, compras.....*
*A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Univesitaria conxuntamente coa Consellería de Infraestruturas e Vivenda veñen de poñer en marcha no pasado mes de setembro do presente ano un programa chamado "Transporte Compartido" en varios concellos da nosa comunidade.*
*Con esta inicitiva o que se pretende é que calquera persoa poida utilizar a liña de transporte escolar, sempre que haxa prazas dispoñibles, para achegarse ao núcleo urbano, unha solución cómoda para os usuarios e que non incrementa o prezo do servizo para as administracións públicas.*
*Dende o grupo municipal do Partido Popular de Oroso consideramos que este programa encaixa perfectamente ó noso municipio e pode ser de gran axuda para moitos veciños, por todo o anterior o solicitamos ao Pleno a adopción do seguintes ACORDO:*

*Instar á Xunta de Galicia e concretamente á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Univarsitaria e á Consellería de Infraestruturas e vivenda a que inclúa no próximo curso escolar o programa transporte compartido no Concello de Oroso."*

Continúa D. Alexander Doval Expósito (PP) sinalando que as liñas escolares que non van cheas se poden ocupar por pasaxeiros maiores sen incremto de custe para a Xunta de Galicia, e suporía unha comodidade para a xente.

D. José Manuel Pérez Penas (BNG) sinala que lle gustaría que D. Alexander Doval Expósito explicase mellor esta proposta, xa que o tema do transporte compartido xurdiu con certa polémica, se dixo que era algo experimental e sempre que houbera prazas no bus, polo que lle gustaría que explicase mellor en que consiste.

D. Manuel Siverio Mirás Liñares (SON – ANOVA) pregunta se sería gratis ou se tería que aboar.

D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) sinala que igualmente ten dúbidas sobre este sistema e que pode ser que para zonas moi despoboadas de Lugo ou Ourense poida servir pero que aínda así é un sistema que lle xera moitas dúbidas, pode ser que suba un malechor e o deixemos cos nenos. Entende que este é un sistema moi experimental, xa que se puxo en marcha en moi poucas rutas así que considera que é mellor esperar e ver como funciona e non facer experimentos en Oroso. Sinala igualmente que non se está aquí a ter a opinión das AMPAS e que en Oroso os autobuses veñen cheos de nenos polo que non quedarían moitas prazas libres. Afirma que o Concello de Oroso foi un dos concelleros pioneiros en incorporarse ao transporte metropolitano, xa desde fai moito tempo. Reitera que considera que se trata dunha cuestión moi experimental e que

é preferible ver como sae e que por outro lado se o que se pretende pola Xunta é trasladalo a todos os concellos probablemente baixe a calidade do transporte.

D. Alexander Doval Expósito (PP) sinala que existen buses de 50 prazas nas que actualmente veñen 30 rapazas, polo que si que existen prazas vacantes. En canto á vixianza dos nenos en cada autobús hai un responsable que coida deles e que controlaría á xente que sube. Non se trata dun invento novo, xa que é novo en Galicia, pero xa se fai por exemplo en Castela con moi vo resultado. En canto ás AMPAS a Consellería de Cultura xa se pon en contacto con elas e en concreto en Oroso xa houbo xente que nos preguntou se o íamos a implantar. Afirma finalmente que este transporte compartido é unha oferta mais que non é substitutiva do transporte regular co que xa contamos.

D. José Manuel Pérez Penas (BNG) considera que se debe ter en conta os traballadores que quedarán sen traballo como consecuencia da desaparación das liñas regulares que desaparezan.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que non é substitutivo das liñas regulares que seguirán existindo, se non que se trata dunha oferta mais, xa que o transporte regular moitas veces non se mete por medio das parroquias como si que o fai en ocasións o transporte escolar. Sinala que o seu grupo non ten problema en incluír na moción a referencia a que non sexa substitutivo das liñas de transporte regular.

D. Manuel Siverio Mirás Liñares (SON – ANOVA) volve a preguntar se pagarían ou sería gratuíto.

D. Alexander Doval Expósito (PP) resposta que si que pagarían.

D. Manuel Siverio Mirás Liñares (SON – ANOVA) pregunta se ese pago vai para a empresa de transportes ou para a Xunta de Galicia.

D. Alexander Doval. Expósito (PP) afirma que será un convenio entre a empresa e a Xunta de Galicia, e que non o sabe exactamente.

D. José Manuel Pérez Penas (BNG) afirma que ó mellor sería necesario que fose unha persoa cos nenos e outra cos maiores. Ademais non sabemos o que opinan as AMPAS dos colexios de Oroso que considera que deberían ser consultadas antes de aprobar esta moción para saber o que opinan.

D. Manuel Siverio Mirás Liñares (SON – ANOVA) considera que debería quedar enriba da mesa, que se lle pregunte a opinión ás AMPAS e logo volverse a traer a pleno e votarse.

D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) cree que é unha moción con moitas incertidumes, sigue dicindo que a intención final da Xunta de Galicia é amplialo a todos os concellos a fin de reducir liñas regulares de transporte e logo baixar así a calidade do servizo.

Intervén o Sr. Alcalde quen afirma que este convenio levouse á FEGAMP e el non vouto a favor e igualmente que estivo nunha reunión celebrada na Xunta de Galicia onde estaban os sindicatos e representantes das AMPAS e non estaban para nada de acordo con esta solución. Ningunha persoas que se encargue de coidar aos nenos no autobús pode prohibir subir ao autobús a un drogadicto ou a unha persoa ebria. Se desde o PP de Oroso o consideran unha boa opción, deberían falar coas AMPAS dos colexios

Sinatura do alcalde,

Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,

Federico Suárez Cancelo.

e se consiguen que estas o apoien desde o Concello o solicitarán, pero advirte que sempre será co seu voto en contra. En Galicia non se usa o transprote público porque a Xunta de Galicia non pon diñeiro e non existen frecuencias suficientes polo que a xente non o utiliza. Por exemplo a Xunta de Galicia o que propón en Oroso é cambiar a parada que está diante de Germán e mandala a 2 km. Por todos estos motivos afirma que non vai a apoiar este acordo e reitera que o que podería facer o PP sería falar coas AMPAS dos colexios de Oroso e logo, se están a favor, o volva a traer a pleno.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a cuestión a votación e o Pleno por:

Votos a favor: catro ( 4 do PP).
Votos en contra: oito ( 7 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG).
Abstencións: unha ( 1 de SON – ANOVA) non aproba o moción presentada polo PP.

**9.-Rogos e preguntas.**

Toma a palabra D. José Manuel Pérez Penas (BNG) quen afirma que vai falar por última vez da AP-9.

O Sr. Alcalde afirma que é probable que non sexa a última vez que se fale deste tema, xa que teñen varias cousas pendentes de arranxar, que baixen a peaxe e que arranxen cousas das obras que deixaron sen facer, polo que se traerán outros días ao Pleno.

D. José Manuel Pérez Penas (BNG) pregunta se houbo algunha novidade en relación ao albergue municipal.

O Sr. Alcalde responde que a Sra. Nava Castro coa que manteñen unha relación cordial, dico que aquí non habería albergue, pero existen varias iniciativas privadas e por outro lado o Concello fai o que pode para atender aos peregrinos que veñen.

D. José Manuel Pérez Penas (BNG) sinala que fronte ao Mirás a pintura da estrada se está desgastando e existe unha sinala de stop que se atopa bastante escondida.

O Sr. Alcalde responde que alí hai un semáforo.

D. Manuel Siverio Mirás Liñares (SON –ANOVA) reclama un paso de peóns na parroquia de Oroso, di que é necesario xa que cando a xente vai a misa por exemplo o necesita.

O Sr. Alcalde afirma que se solicitou a Fomento en varias ocasións e que seguirán insistindo.

D. Alexander Doval Expósito (PP) incida que hai varias beirarrúas de Sigüeiro que debido ás condicións climatolóxicas son esvaradizas e poden producir caidas da xente, hoxe se pecharon algunha pero existe un líquido que se lles pode botar para que non se esvare tanto.

O Sr. Alcalde afirma que coas condicións metorolóxicas que sofrimos hoxe é moi difícil que non esvaren, hoxe tivemos que cortar varias como mal menor, afirma que o concello xestiona riscos a fin de eliminalos e hoxe se deron condicións moi difíciles.

D. Alexander Doval Expósito (PP) na web do Concello non están actualizadas as actas da Xunta de Goberno Local, e so aparecen ata o 2015 e iguamente no directorio so aparecen o PSdeG-PSOE e o BNG, polo que solicita que se actualicen.

Toma a palabra D. Eduardo Veiras Rey (PSdeG-PSOE) quen afirma que lle gustaría saber que ocorreu na reunión que mantivo D. Alexander Doval Expósito en Senra en relación á concentración parcelaria.

D. Alexander Doval Expósito (PP) indica que se informou sobre o estado das concentracións, e nos brindamos a trasladar todas as consultas que sobre esta cuestión tiveran os veciños.

D. Eduardo Veiras Rey (PSdeG-PSOE) considera que o PP está facendo neste tema actuacións partidistas, xa que as concentracións parcelarias estaban aprobadas desde fai 25 anos e ata que chegou o bipartito non se lle deu para adiante e agora non nos parece de rebido que o PP venda este tema.

Toma a palabra Dª. Beatriz Rodeiro Fernández (PSdeG-PSOE) quen di que o 25 de outubro de 2017, D. Alexander Doval Expósito sacou unha nota en prensa onde se criticaba o prezo do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Oroso cando aínda non está adxudicado e o comparaba co da Mancomunidade, pero non comparaba a calidade do servizo xa que o problema que ten a Mancomunidade é que ningún quere traballar para a empresa que ten contratada a Mancomunidade para prestar o servizo xa que paga uns salarios miserables.

Intervén o Sr. Alcalde quen afirma que el no seu día xa afirmou que quería fundamentalmente un servizo de calidade con salarios dignos para a xente que traballase neste servizo. Non se pode dicir, o dixo o PP, que se invertiron 7 millóns de euros na concentración parcelaria cando isto é mentira, ou como cando criticou que o Concello tiña que actuar antes cos niños de vespa velutina. Considera que non se pode poñer na mesma noticia que faleceu unha persoa en Porriño, e relacinalo con Oroso xa que iso xera alarma na xente e considera que D. Alexander Doval Expósito é unha mala persona. Agradece que o PP traia mocións ao pleno e non que as colgue nos carballos.

D. Alexander Doval Expósito pregúntalle reiteradamente ao Sr. Alcalde se lle vai deixar falar e contestarlle, o Sr. Alcalde responde que agora está a falar el e que D. Alexander Doval Expósito é un alarmista.

Intervén D. Alexander Doval Expósito (PP) quen solicita ao Sr. Alcalde que retire o de mala persona.

O Sr. Alcalde responde que non o retira.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que el nunca lle faltou ao respecto ao Sr. Alcalde e que nunca se lle fixeron preguntas á oposición e que se non retira o de mala persona se marcharán do Pleno.

O Sr. Alcalde afirma que D. Alexander Doval Expósito (PP) é un mentireiro e levanta a sesión cando son as 20:55 horas do día antedito, da que se estende a presente acta.

Como secretario dou fe do seu contido.

O alcalde
Manuel Mirás Franqueira

O secretario
Federico Suárez Cancelo.